

rá todas aquelas áreas de actividade nas que a coordinación dos recursos dispoñibles nos centros que o compoñen engada valor, cun funcionamento coordinado coa rede de servizos sanitarios especializados e coa atención primaria co fin de garantir a continuidade dos coidados.

O novo Hospital de Vigo deberá atender uns tres mil procesos de hospitalización convencional máis ca na actualidade. Deberá ter os servizos e unidades de referencia necesarios para atender todos os procesos da poboación non só da área de saúde de Vigo senón tamén da rexión sur de Galicia atendendo ao seu papel de hospital de referencia rexional de alta especialización.

Considérase xustificada a declaración de urxente ocupación pola necesidade de dotar a área dos recursos necesarios para prestar unha atención sanitaria de calidade, pola súa incidencia favorable na prestación dunha actividade asistencial máis eficaz, de acordo co artigo 32 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que recolle como principios do Sistema Público de Saúde de Galicia, entre outros, os principios de adecuación das prestacións sanitarias ás necesidades de saúde da poboación; a calidade dos servizos e a mellora continúa, cunha énfase especial na calidade da atención clínica e da organización dos servizos, nunha atención personalizada e humanizada; a eficacia, efectividade e eficiencia na xestión do Sistema Público de Saúde de Galicia.

Así, tanto a necesidade de incrementar a carteira de servizos da área como o incremento constante na demanda de atención sanitaria dunha poboación en crecemento demográfico constante, aconsellan a posta en funcionamento, no prazo máis axiña posible, do novo Hospital de Vigo.

Polo exposto, cómpre acudir ao procedemento de expropiación urxente previsto na Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Os bens e dereitos en que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos e valorados no antes mencionado proxecto sectorial de incidencia supramunicipal.

A competencia para a declaración de urxente ocupación correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia, en virtude do previsto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

Na súa virtude e, en aplicación do establecido no artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, por proposta da Consellería de Sanidade, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día doce de febreiro de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo único.-Declarar a urxente ocupación dos bens e dereitos, que se concretan no expediente

administrativo instruído, para os efectos de expropiación, para a execución das obras previstas no proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o novo Hospital de Vigo.

Santiago de Compostela, doce de febreiro de dous mil nove.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

Corrección de erros.-Resolución do 12 de xaneiro de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública de subvencións ás industrias culturais para o ano 2009.

Na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 19, do 28 de xaneiro de 2009, cómpre realizar a seguinte corrección:

-Na páxina 1.864, anexo VI, epígrafe C. Relación de funcións, na nota a pé de páxina, onde di: «(2) Rede Galega de Teatros e Auditorios, Rede Galega de Salas (exceptuando a propia), outras salas/lugares en Galicia, exterior.», debe dicir: «(2) Rede Galega de Teatros e Auditorios, Rede Galega de Salas, outras salas/lugares en Galicia, exterior.».

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Resolución do 5 de febreiro de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Administración da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de museos, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 7, do 10 de xaneiro de 2008).

En sesión que tivo lugar o día 5 de febreiro de 2009, o tribunal nomeado polas ordes do 8 e 18 de setembro de 2008 para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Administración da Xunta de Galicia, grupo A, escala de facultativos de museos, acordou: